

Xornadas PXOM Noia
Colexio de Arquitectos de Santiago e Concello de Noia
11 outubro ás 19:00 horas na Casa da Cultura “Avilés de Taramancos”

NOTA DE PRENSA

Tres estudos de arquitectura expoñen mañá as súas obras en Noia, dentro das xornadas *Planeando*

A Delegación de Santiago do Colexio de Arquitectos e o Concello de Noia clausuran mañá as xornadas, ás 19:00 horas na Casa da Cultura “Avilés de Taramancos”

Santiago-Noia, 10 de outubro de 2013 (Vía Láctea Comunicación).- A Delegación de Santiago do Colexio de Arquitectos de Galicia e o Concello de Noia clausurarán mañá venres, 11 de outubro, as xornadas ***Planeando: Plan Xeral de Ordenación Municipal de Noia***. A última sesión, que se celebrará ás sete da tarde na casa da cultura, servirá ademais como peche da Semana da Arquitectura (Luns-7 de outubro, Día Mundial da Arquitectura). Esta xornada estará protagonizada por tres estudos de arquitectura que realizaron recentemente algunha intervención ou obra arquitectónica no Concello de Noia. Participarán o arquitecto **Alfonso Salgado**, do estudio SalgadoeLiñares ArquitectosEnxeñeiros, o arquitecto **Sebastián Ríos**, do despacho UNO70 Arquitectura, e **Álvaro Marín e Alfonso Castro**, de 2es+ Estudio de Arquitectura. Asistirá a presidenta da Delegación de Santiago do Colexio, **Ana Domínguez Laíño**. Ao final da xornada, os participantes manterán un debate sobre a arquitectura contemporánea en Noia, moderado polo arquitecto Miguel Serrano.

A Chaínza, espazo aberto gañador dos Premios COAG 2013

O arquitecto Alfonso Salgado fará unha presentación das obras máis destacadas do seu estudio en Noia. Entre todas elas destaca a reintegración urbana do patrimonio cultural da Chaínza. Este barrio tradicional, situado ao outro lado da ponte de Noia, foi un lugar de paso obrigado. A intervención ten como obxectivo devolver o espazo público ás persoas, revitalizándoo cun labor de limpeza, e recuperando o trazado do Camiño Real e a ponte medieval, ademais de restaurar a fonte da Chaínza e o lavadoiro. Esta intervención recibiu na pasada edición dos Premios COAG o galardón na categoría de espazos abertos. Outra obra que se comentará na xornada será a reintegración urbana do patrimonio cultural de A Pedrachán.

Centro cultural Ponte San Francisco e reforma das rúas Porta da Vila e Escultor Ferreiro

O estudio UNO70 Arquitectura presentará as súas obras máis destacadas en Noia. Sebastián Ríos apunta a unha intervención concreta, a construción do Centro cultural Ponte San Francisco. É un edificio de 2010 de pequenas dimensións, construído para actuar como espazo polivalente, asistido por un aseo, un almacén e un vestíbulo principal, ademais dunha peculiar instalación que consta de asador para dar servizo aos distintos festexos que se realizan na zona durante o ano.

A outra intervención do despacho UNO70 foi a reforma das rúas Porta da Vila e Escultor Ferreiro. Segundo Ríos, estas rúas de Noia contitúen posiblemente a traza da antiga muralla da vila, delimitando cara o este o seu casco histórico. “Esta intervención no espazo público en 2009 pretendía integrarse no contorno, combinando distintos tipos de pavimentos de granito e recuperando as losas existentes –agrega–. Tamén se substituíron as instalacións subterráneas e se engadiron as novas de gas, augas pluviais e telecomunicacións.

Obras de rehabilitación, vivendas unifamiliares e edificación pública

No caso de 2es+, Álvaro Marín e Alfonso Castro expoñerán tres obras executadas en Noia. A primeira é o Centro cívico A Barquiña, unha rehabilitación da antiga escola-taller de A Barquiña como centro cívico. É unha edificación de dúas plantas, en estado ruinoso. O programa da obra reduciuse a dous aseos, almacén e sala de usos múltiples. A súa rehabilitación transformou a edificación nunha soa planta.

A seguinte obra é unha vivenda unifamiliar no barrio de Barro, un lugar de orixe mariñeiro con vivendas de construción humilde. Denominada Barro- House, o proxecto nace como “unha resposta sinxela a un contorno con carácter e unhas impresionantes vistas sobre a ría de Noia”, explican os seus autores.

Finalmente, Marín e Castro falarán dun edificio administrativo en Noia. O seu traballo consistiu na reestruturación e acondicionamento do contorno dunha edificación situada nun lugar privilexiado da vila, xusto enriba da desembocadura do río Traba. Segundo lembran os arquitectos, nesta parcela existía unha edificación sen catalogar que foi acollendo diversos usos ao longo do tempo, desde matadeiro, cárcere ou sede de protección civil. “A idea foi crear un edificio representativo pero á vez integrado nun contorno de alto valor ambiental e histórico” –apuntan os arquitectos–.

O programa demandado constaba de oficinas de atención ao público, despacho, sala de xuntas, vestiarios e almacén para os carros de limpeza viaria da empresa NOS (Noia Obras e Servizos) na planta baixa, e oficinas, sala de xuntas e salón de actos nas plantas superiores.

A entrada ás xornadas é libre, pero a inscrición, gratuíta, é obrigatoria cara a obter o correspondente certificado de participación, un trámite que se debe facer a través da web do Colexio de Arquitectos www.coag.es . Estas conferencias son “de carácter didáctico e entretidas”, segundo subliña o programa, co fin de incentivar a participación de persoas sen relación profesional co urbanismo ou a planificación, polo que están dirixidas aos cidadáns en xeral, aínda que tamén a técnicos implicados en temas urbanísticos e do hábitat.

As xornadas **Planeando** propóñense coa intención de iniciar unha reflexión baseada no traballo e a exemplarización de elementos que forman parte da transformación dunha vila como Noia, segundo indica o colexio profesional: “Coa ocasión da presentación pública do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Noia temos a oportunidade de debater sobre os principios que rexen ou deben rexer a planificación urbana dunha vila. Ademais pensemos que en Galicia as vilas son núcleos urbanos moi representativos, cunha escala de capacidade de relación coa contorna que fan que os cidadáns sexan quen de comprender e participar nos procesos de transformación dos espazos privados e compartidos”.

NOTA.- Xúntanse fotografías dos arquitectos e das súas obras

SAÚDOS

PRENSA Delegación de Santiago do Colexio de Arquitectos de Galicia

Eva Fernández_981 55 44 07_636 571 913

www.arquitectosdesantiago.org